



Asamblea estatal de Fiare 2014 - Foto de Susi Baraldi



Os nosos materiais informativos están realizados respectando o medio ambiente: utilizamos materias primas certificadas e procesos de produción eficientes e responsables, reducimos os residuos e promovemos comportamentos sustentables. Estas son só algunhas das características do noso proxecto de comunicación.

Máis información en [www.fiarebancaetica.coop](http://www.fiarebancaetica.coop)

# BANCA ÉTICA e COOPERATIVA

*Somos un banco cooperativo propiedade de miles de persoas e organizacións que traballan para un proxecto de democracia económica. Esta iniciativa xurdiu porque as finanzas non son un fin senón un instrumento para servir á xente e ás empresas sociais que traballan por unha sociedade máis xusta.*

**Participa en Fiare Banca Etica!**

SÍGUENOS  
EN **TWITTER**  
@fiareBE



Atoparás máis información en [www.fiarebancaetica.coop](http://www.fiarebancaetica.coop)



## FORMA PARTE DO TEU BANCO

Fiare Banca Etica nace grazas ao impulso de persoas e organizacións que queremos construír unha **cooperativa de crédito**, inspirada nos principios das finanzas éticas.

É o resultado da unión de dous proxectos: Banca Popolare Etica, un banco cooperativo que traballa en Italia desde 1999 e Fiare, que opera no Estado español desde 2005. Ambos os dous comparten os mesmos obxectivos: o financiamento de proxectos da economía social e solidaria e a

promoción dunha cultura da intermediación financeira que actúe baixo os principios de transparencia, participación, democracia e o crédito ao servizo da xustiza social.

**As persoas sociais son as propietarias do banco** e as protagonistas do noso proxecto de democracia económica; decenas de miles de persoas e organizacións no Estado español e Italia, garanten a **independencia** de Fiare Banca Etica da política e os grandes grupos económicos e

## ASOCIARSE SIGNIFICA

- ser parte activa na conformación dunha iniciativa financeira cooperativa e mutualista;
- estar presente en distintos niveis e espazos de participación para decidir sobre o desenvolvemento do proxecto de Banca Etica;
- obter produtos e servizos en condicións favorables, e a posibilidade das entidades de acceder ao financiamento bancario;
- formar parte da construción dun espazo no ámbito da economía solidaria que promova prácticas e alternativas transformadoras.

## ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN

- na **Asemblea Xeral de Persoas Sociais**, seguindo o principio "unha persoa, un voto";
- **formando parte do Grupo de Iniciativa Territorial (GIT)** e impulsando a creación de espazos de alternativa económica transformadores;
- **participando na avaliación ético-social** dos proxectos que piden financiamento;
- **impulsando actos de difusión** (feiras, charlas, eventos) como membro do GIT.

## A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DAS PERSOAS SOCIAS

As persoas sociais comparten activamente a vida do banco a través da **Organización Territorial das Persoas Sociais**, dividida en áreas rexionais e en Grupos de Iniciativa Territoriais (GIT).

A súa función é conectar as actividades do banco ás necesidades locais, estimulando o retorno

mutualista propio da nosa organización e difundindo a nivel local a cultura das finanzas éticas.

**Para coñecer as actividades**, noticias e iniciativas dos grupos locais de persoas sociais visita a web: [www.fiarebancaetica.coop](http://www.fiarebancaetica.coop)

